



REGULAMENTO ESPECIAL DE PROTOCOLO E CERIMONIAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE BAIONA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 2099/1983, do 4 de agosto, aprobou o regulamento de ordenación xeral de precedencias no ámbito do estado español. Así mesmo, hai que ter presente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, así como o estatuto persoal e as atribucións do presidente e da Xunta de Galicia e as súas relacións co Parlamento. Mencionar tamén os Decretos 227/2012 e 229/2012 do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica e polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia nesta última lexislatura autonómica e normativas sucesivas que a substitúa. Non podemos esquecer tampouco a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, xa que determina a organización municipal e a súa xerarquía, e as súas funcións e competencias, moi importantes en protocolo para determinar as precedencias e os tratamentos.

Na vila de Baiona organízanse cada vez máis actos nos que se produce a concorrencia de autoridades de distintos ámbitos, polo que é necesario un esforzo de clarificación na orde de precedencias e tratamentos, co obxecto de que os actos gocen dunha mellor orde.

O protocolo contén unha serie de normas, usos e costumes que convén seguir, co obxecto de facilitar a organización de actos. Ao longo deste período democrático, foron xurdindo unha serie de figuras nadas de novas institucións ou en virtude de mandatos legais e fíxose necesaria a regulación e sistematización do réxime de precedencias.

En definitiva, estamos ante un conxunto de normas que, por primeira vez, regulan o protocolo na vila de Baiona, e que lles dan estabilidade e solemnidade aos actos oficiais que se realicen no noso municipio. Este documento regula exclusivamente aspectos cuxa competencia pertence ao ámbito estritamente local e remítese a normas superiores de ámbito estatal e autonómico.

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente regulamento especial regula, con carácter xeral e no ámbito do Excelentísimo Concello de Baiona, os actos oficiais organizados por este Concello, as súas institucións e organismos autónomos, e contempla a clasificación dos actos oficiais, a presidencia destes, a orde de prelación das autoridades e asistentes, así como os seus tratamentos.



ARTIGO 2.- PRINCIPIO DE SUPLETORIEDADE DESTE REGULAMENTO

Esta norma será de aplicación con carácter supletorio, xa que en caso de que concorran autoridades do estado e da Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación, como norma xeral, o Real Decreto 2099/1983, que é a normativa estatal vixente; a Lei 11/1988, do 20 de outubro de reforma da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e os decretos 227/2012 e 229/2012 do 2 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica e polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia ou normativa sucesiva que a substitúa.

ARTIGO 3. PRINCIPIOS XERAIS.

Os principios xerais que rexen as precedencias e ordenación de autoridades e corporacións son as seguintes:

- a) A presidencia dos actos será unipersoal.
- b) A persoa que represente no seu cargo unha autoridade superior á do seu propio rango non gozará da precedencia recoñecida á autoridade que lle corresponda polo seu propio rango, agás que ocupe expresamente a representación do Presidente da Xunta de Galicia e do alcalde de Baiona.
- c) A precedencia non confire xerarquía, tan só implica ordenación.

ARTIGO 4. CLASES DE ACTOS OFICIAIS.

Para os efectos deste regulamento, os actos oficiais que se celebren na vila de Baiona clasifícanse en:

- a) Oficiais de carácter xeral. Son os que, con motivo da celebración de festividades, acontecementos e conmemoracións, se organicen na vila de Baiona.
- b) Oficiais de carácter especial. Son os organizados por determinadas institucións e organismos, con ocasión de acontecementos ou conmemoracións propios do ámbito específico dos seus respectivos servizos, funcións e actividades.

ARTIGO 5. PRESIDENCIA.

A presidencia dos actos oficiais e públicos en Baiona corresponderalle o/a alcalde/esa de Baiona, agás que asista ao acto outra autoridade á que se atope subordinada; nese caso, esta última asumirá a presidencia.

Neste último caso, a autoridade organizadora ocupará o lugar máis próximo á presidencia. O resto das autoridades distribuiranse en función da súa precedencia, alternando de dereita a esquerda respecto do lugar ocupado pola presidencia.

No caso de que o/a alcalde/esa de Baiona non poida presidir os actos, farao a autoridade municipal de carácter electivo que ocupe a representación do/da alcalde/esa, logo dos tenentes de alcalde respectivos.



Os concelleiros ou concelleiras que asistan aos actos públicos municipais, sexa do carácter que sexan, e que non ocupen lugar na presidencia, situaranse nun lugar preferente e reservado, designado pola organización.

ARTIGO 6. ORDENACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE BAIONA.

A ordenación dos membros da Corporación Municipal do Excelentísimo Concello de Baiona será a seguinte:

- Alcalde/esa presidente/a.
- Tenentes/as de alcalde/esa.
- Portavoces dos grupos municipais.
- Concelleiros/as con delegación do alcalde.
- Concelleiros/as sen delegación.

A orde dos concelleiros/as con delegación de competencias determinaráa o/a alcalde/esa presidente/ a no decreto de nomeamento. A orde dos grupos municipais, así como a dos concelleiros/as sen delegación, establecerase en función do resultado electoral.

ARTIGO 7. ORDENACIÓN DE AUTORIDADES E PERSONALIDADES.

A ordenación nos actos oficiais de carácter xeral será a seguinte:

AUTORIDADES:

1. Alcalde/esa presidente/a.
2. Alcaldes/esas presidentes/as dos pobos irmandados con Baiona (segundo a orde de irmandamento).
3. Tenentes/as de alcalde/esa, pola súa orde.
4. Tenentes/as de alcalde/esa dos pobos irmandados con Baiona (segundo orde de irmandamento).
5. Voceiros/as dos grupos municipais.
6. Concelleiros/as con delegación do/da alcalde/ esa, pola súa orde.
7. Concelleiros/as sen delegación, pola súa orde electoral e ordenados de maior a menor representación municipal.
8. Concelleiros/as dos pobos irmandados con Baiona (segundo orde de irmandamento).

PERSONALIDADES:

- Ex-alcaldes/esas
- Xuiz de Paz de Baiona
- Presidentes/as dos Centros Galegos de Val Miñor de Montevideo e Bos Aires.
- Secretario/a xeral do Concello.
- Interventor/a xeral do Concello.
- Alférez adxunto da Garda Civil de Baiona.



- Xefe do posto da Garda Civil de Baiona.
- Xefe do posto da Policía local de Baiona.
- Capitán Marítimo de Baiona.
- Párroco de Santa María de Baiona.
- Presidente da irmandade da Santa Casa de Paz e Misericordia de Baiona.
- Patrón maior da Confraría de Pescadores de Baiona.
- Director/a do Parador de Turismo de Baiona
- Presidente/a do Club de Iates de Baiona.
- Presidente/a da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (Aceba).
- Presidentes/as de asociacións de vecinos e asociacións de montes.
- Presidentes/as de colectivos e asociacións cidadás, en xeral.
- Director/a do instituto de Estudos Miñoranos (IEM).
- Director/a do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi).

ARTIGO 8. EX-ALCALDES/AS PRESIDENTES/AS DA VILA DE BAIONA.

Cando aos actos oficiais asistan ex-alcaldes/as presidentes/as da vila de Baiona situaranse a continuación do último membro da Corporación Municipal e ordenaranse de acordo coa data do seu cesamento, comezando polo máis antigo.

ARTIGO 9.- FILLOS/AS PREDILECTOS/AS, ADOPTIVOS/AS E TITULARES DA MEDALLA DE OURO DE BAIONA

Nos actos que organice o Excelentísimo Concello de Baiona, os/as fillos/as predilectos/as, adoptivos/as e os titulares da medalla de ouro de Baiona, nas súas distintas categorías, que asistan a estes serán ordenados pola autoridade que organice o acto e o situamos no lugar preferente que estime procedente. Ver regulamento de honores e distincións, do 28 de outubro de 1982.

ARTIGO 10. CONCORRENCIA DE AUTORIDADES E INSTITUCIÓN, ORGANISMOS E ASOCIACIÓNS.

No caso de que sexan convocados conxuntamente autoridades e institucións, organismos e asociacións aos actos oficiais de carácter xeral, terán precedencia as autoridades, pola súa orde, seguidas das institucións, organismos e asociacións.

ARTIGO 11. OUTROS CRITERIOS DE ORDENACIÓN.

Calquera autoridade ou institución non comprendida neste regulamento que asista a un acto oficial de carácter xeral, será ordenada pola autoridade que organice o acto, que a situará no lugar que lle corresponde, en virtude das normas estatais e da comunidade autónoma que as regula.



En caso de non estar contempladas, correspóndelle a autoridade que organiza o acto situala no lugar que estime conveniente. Como norma xeral, terase en conta o criterio de antigüidade na súa creación ou fundación e prevalecerá o carácter electivo sobre o nominativo.

ARTIGO 12. TRATAMENTOS.

1. O tratamento do Concello de Baiona é de Excelentísimo, outorgado polo Real decreto, expedido pola Súa Maxestade o Rei Afonso XIII, dado no Palacio Real, o vinte e nove de marzo de mil novecentos vinte e un, que di o seguinte: “Querendo dar unha proba do meu real aprecio á vila de Baiona, provincia de Pontevedra, polo crecente desenvolvemento da súa agricultura, industria e comercio, e pola súa constante adhesión á monarquía, veño conceder ao seu concello o tratamento de Excelencia”.
 - O Concello, como institución, e a Corporación, como órgano colexiado, terán o tratamento de Excelencia.
 - O alcalde presidente ou a alcaldesa presidenta do Excelentísimo Concello de Baiona terá o tratamento de Ilustrísimo Señor ou Ilustrísima Señora, e poderanse usar as abreviaturas Ilmo. Sr. Alcalde ou Ilma. Sra. Alcaldesa.
 - Os ex-alcaldes presidentes ou ex-alcaldesas presidentas do Excelentísimo Concello de Baiona terán o tratamento de señores ex-alcaldes ou señoras ex-alcaldesas, e poderanse usar as abreviaturas Sr. ex-alcalde ou Sra. ex-alcaldesa.
 - Os tenentes/as de alcalde/esa do Excelentísimo Concello de Baiona terán o tratamento de señores/ ras tenentes/as de alcalde/sa, e poderase usar a abreviatura Sr./Sra.tte./tta. Alcalde/sa.
 - Os concelleiros ou concelleiras, en xeral, terán o tratamento de señores concelleiros ou señoras concelleiras, e poderase usar a abreviatura Sr. Concelleiro ou Sra. concelleira.
 - Os/As fillos/as predilectos/as, adoptivos/as e titulares da Medalla de Ouro e Prata da Vila de Baiona terán o tratamento de Ilustrísimos Señores ou Ilustrísimas Señoras, e pódese usar a abreviatura Ilmo. Sr. ou Ilma. Sra.
2. En todo caso, o tratamento acompaña o cargo e non o nome de quen o ocupa.

ARTIGO 13. ORGANIZACIÓN DOS ACTOS OFICIAIS.

A organización dos actos oficiais que organiza o Excelentísimo Concello de Baiona correspóndelle á delegación municipal que teña competencias sobre o protocolo. En caso de non existir a citada delegación, a competencia será da Alcaldía Presidencia do Excelentísimo Concello de Baiona.



ARTIGO 14. ORGANIZACIÓN DO PLENO MUNICIPAL.

1. Pleno do Excelentísimo Concello de Baiona estará formado polos concelleiros da Corporación elixidos democraticamente.
2. Ao Pleno asistirán o secretario/a xeral e o/a interventor/a xeral de Fondos, do Excelentísimo Concello de Baiona.
3. A disposición dos concelleiros/as no Pleno é competencia exclusiva do/da alcalde/esa presidente/ a, unha vez oídos os voceiros dos grupos políticos municipais, como establece o artigo 89 do Real decreto 2568, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
4. Para sesións solemnes e en situacións extraordinarias, o Pleno do Excelentísimo Concello de Baiona poderá celebrarse fóra da Casa do Concello. A disposición dos/as concelleiros/as poderá variar, e adaptaranse ao novo lugar. En ningún caso se alterará o disposto no artigo 7 deste regulamento.

ARTIGO 15. ATRIBUTOS REPRESENTATIVOS DO CARGO.

1. O/A alcalde/esa portará o “Bastón de mando” en todos os actos oficiais de carácter xeral.
2. La corporación portará a Medalla de Ouro corporativa e insignia de solapa con escudo municipal que se entregará a cada corporativo/a en cada mandato.

ARTIGO 16. BANDEIRA DA VILA DE BAIONA.

1. A bandeira da vila de Baiona está formada por catro triángulos en granate e azul, dispostos o granate abaixo e arriba e o azul á dereita e á esquerda, co escudo da vila no centro, o que se detalla no artigo seguinte: “A lealdade de Baiona a Castela foi un dos motivos para que a cor vermella dos reis casteláns pasase a figurar na bandeira da vila, conxuntamente co azul do mar, deste mar que está tan intimamente unido á historia desta real Vila e ao seu comercio marítimo”.

Aprobouse por acordo plenario, en sesión extraordinaria, celebrada en primeira convocatoria polo Pleno municipal, o vinte e seis de maio de mil novecentos oitenta e un.

2. A bandeira da Vila de Baiona ondeará no exterior da Casa do Concello e de todos os edificios municipais, xunto coa bandeira de España, a da Comunidade Autónoma de Galicia e a da Unión Europea e, de acordo co establecido na Lei 39/81, do 28 de outubro, pola que se regula o uso da bandeira de España e o doutras bandeiras e insignias.
3. A bandeira de Baiona presidirá en lugar destacado, xunto coa bandeira de España e a de Galicia, en todos os actos oficiais públicos municipais.



4. A bandeira da vila de Baiona ocupará un lugar destacado no Salón de Plenos, nos despachos oficiais do Ilmo./Ilma. Sr./Sra. Alcalde/esa Presidente/ a e dos/das tenentes/as de alcalde/esa, acompañando a bandeira de nacional e a da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Sobre a bandeira da vila de Baiona non se poderán incluír siglas ou símbolos que representen partidos, sindicatos, asociacións e outro tipo de entidades.

ARTIGO 17. ESCUDO DA VILA DE BAIONA.

1. O escudo do Concello de Baiona foi aprobado por Decreto 65/2005, do 31 de marzo, e conforme ás normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e por Decreto 369/1998, do 10 de decembro, polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia. Descríbese o seguinte: brasonamento: Cuartelado. Primeiro e cuarto: de gules (vermello) un boi de ouro (amarelo). Segundo e terceiro: de azur (azul), un navío de ouro sobre ondas de prata (branco) e azur. Ao timbre coroa real pechada.
2. O escudo da vila de Baiona estará presente nos documentos públicos, bandos e anuncios que se realicen no Excelentísimo Concello de Baiona e non se pode usar como emblema e logotipo de asociacións e entidades privadas.

ARTIGO 18. CORPO DE GALA DA POLICÍA LOCAL.

1. Nos actos oficiais de carácter xeral e especial, e sempre que o requira a autoridade que organice o acto, o Excelentísimo Concello de Baiona contará cun Corpo de Gala da Policía Local.
2. Corpo de Gala da Policía Local estará composto por dous membros que vestirán o traxe oficial da Policía local da vila de Baiona.

ARTIGO 19. ORDENACIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NAS PROCESIÓN S OFICIAIS.

1. A Corporación municipal nos actos religiosos ordenarás e do seguinte modo:
 - Alcalde/esa presidente/a.
 - Tenentes/as de alcalde/esa.
 - Portavoces dos grupos municipais.
 - Concelleiros/as con delegación do alcalde.
 - Concelleiros/as sen delegación.
2. A Corporación municipal nas procesións deberá ir soa e en lugar destacado en orde inversa anterior.



3. As procesións oficiais organizadas polo Excelentísimo Concello de Baiona son: procesión do Santo Enterro (Venres Santo) e a procesión da Virxe da Anunciada (primeiro sábado de agosto).
4. Os membros da Corporación municipal que participen nas procesións oficiais deberán portar a medalla de ouro corporativa e insignia de solapa co escudo municipal que os acredita como concelleiros ou concelleiras do Excelentísimo Concello de Baiona.

ARTICULO 20.- DISTINCIÓNS HONORÍFICAS MUNICIPAIS

As distincións honoríficas que concede o Concello de Baiona son as seguintes:

1. Medalla de ouro. Esta distinción outórgaselles a aquelas persoas, entidades ou institucións que prestasen relevantes servizos e merecementos extraordinarios en favor do Concello de Baiona. o seu distintivo é unha medalla de ouro que levará gravada o escudo de Baiona, de 6 x 4,5 cm. Penderá de cordón cor granate.

Esta distinción constitúe o grado máximo das condecoracións que pode outorgar a Corporación. respondendo a esta singularidade reservarse a súa concesión aos casos excepcionais nos que a Corporación considere digno/a as persoas ou entidades propostas, por todos os conceptos para o outorgamento desta distinción.

2. Medalla de prata. Esta distinción outórgaselles igualmente ás persoas ou entidades merecedoras polo seu labor en favor do municipio de Baiona, en calquera terreo da cultura, o deporte, do social, das humanidades, da investigación científica, da cooperación nacional e internacional e, en xeral, de calquera manifestación de relevancia para o concello. O seu distintivo é unha medalla de prata que levará gravada o escudo de Baiona, de 6 x 4.5 cm. Penderá de cordón cor branco.

3. Nomeamento de Fillo Predilecto do Concello. Outórgaselles a aquelas persoas que, coa súa actuación extraordinaria, destacaron polos seus méritos en favor do municipio de Baiona. Terá carácter vitalicio e só poderá recaer en persoa natural do Concello que reúna, a xuízo da Corporación, merecementos singulares e alcansasen o prestixio e a consideración xeral. o seu distintivo será un diploma acreditativo do nomeamento de “Fillo Predilecto do Concello de Baiona” na que figure a data na que foi aprobado en Pleno.

4. Nomeamento de Fillo Adoptivo do Concello. Este nomeamento poderá recaer en calquera persoa que, sen ser natural do municipio, reúna as condicións consignadas no punto anterior.
o seu distintivo será un diploma acreditativo do nomeamento de “Fillo Adoptivo do Concello de Baiona” na que figure a data na que foi aprobado en Pleno.



5. Lazo de Honra. Esta distinción concedéraselles a aquelas persoas, asociacións ou entidades que realicen unha labor relevante no campo das artes e das letras, das ciencias, do social e das humanidades sempre que nas súas obras se citen ou exalten aspectos que lle afecten ao excelentísimo Concello de Baiona. O seu distintivo será un lazo coas cores do Concello, sostendo o escudo con esmalte bañado en ouro.

6. Funcionario exemplar. Esta distinción será dedicada exclusivamente a aqueles funcionarios de persoal, ben en activo, ben xubilados, que se fixesen acredores de tal mención, polos seus servizos e merecementos no desenvolvemento da súa función. o seu distintivo será un diploma acreditativo do nomeamento de “Funcionario exemplar” na que figure a data na que foi aprobado en Pleno.

7. Galardón General del Aire Santos Peralba: esta distinción, con carácter trianual, outorgáraselles a personalidades ou entidades que contribúan ó coñecemento e desenvolvemento da aviación ou presten servizos relevantes á sociedade a través da aviación. O premio consistirá nunha placa onde no seu marxe superior esquerdo figura o escudo do Concello de Baiona e na marxe superior dereita un debuxo co busto do Xeneral Santos Peralba. Xunto coa placa farase entregada dun diploma acreditativo da concesión do galardón na que figure a data na que foi aprobado en Pleno.

8. Carabela de ouro: esta distinción outorgáraselle a calquera persoa, natural ou non do municipio, que pola súa traxectoria profesional e polos actos singulares de especial transcendencia no campo da cultura, do deporte, do social, das humanidades, da investigación científica, da cooperación nacional e internacional, na defensa do medio ambiente, etc., contribúan a divulgar a vila, fóra das nosas fronteiras. O seu distintivo será unha medalla bañada en ouro coa Carabela Pinta gravada en esmalte a fogo, de 4 centímetros de diámetro, que penderá dunha cadea bañada en ouro de similares características. o acto de entrega farase preferentemente con motivo da celebración do “Día do turista”, en agosto.

9. Atribución de nome, rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública: esta distinción outorgáraselle a calquera persoa, natural ou non do municipio, entidade, asociación na que a súa actividade ou traxectoria persoal e profesional este ligada á vila de Baiona. o distintivo é unha placa en bronce que se colocará na rúa, parque ou xardín escollido e levará gravado o nome do homenaxeado.

10. Premio ao Deporte: esta distinción outórgaselles aos deportistas de Baiona cunha traxectoria profesional destacada ao longo da súa vida deportiva e merecedora de tal distinción, ás entidades, aos patrocinadores e ao evento deportivo que durante o ano tivo maior repercusión e éxitos alcanzados. o seu distintivo será unha medalla co escudo de Baiona. Os finalistas saíran dunha votación previa na que se seleccionan a 3 posibles candidatos en cada unha das seguintes categorías:

- 1.- Mellor deportista de Baiona (tanto masculino como feminino).
- 2.- Mellor entidade deportiva.



- 3.- Mellor deportista de base (tanto masculino coma feminino ata os 16 anos).
- 4.- Mellor patrocinador deportivo.
- 5.- Mellor entidade pública polo seu apoio ao deporte.
- 6.- Mellor evento Deportivo.

As entidades participantes con calidade de voto serán todas aquelas entidades sociais e deportivas con sede en Baiona que teñen como propósito traballar polo desenvolvemento do colectivo do noso municipio. Ademais de emitir votos poderán presentar candidato/os en cada unha das súas categorías.

Os finalistas en cada unha das categorías serán seleccionados por un comité que unha vez revisados os méritos e curriculums aportados decidirán aos gañadores.

O Comité certifica as votacións e dissolve os empates dos candidatos, que estará composto por: o concelleiro de Deportes, o concelleiro de Actividades marítimas, un concelleiro dos grupos da oposición, o técnico municipal de deportes, un funcionario municipal do servizo administrativo, e o secretario xeral municipal dando fe e levantado o acta.

As mencións honoríficas se decidirán por acordo da Xunta de Goberno Local.

O acto de entrega farase con motivo da celebración da “Gala do Deporte” que anualmente se ven celebrando nos dous primeiros meses do ano e onde se dan cita toda a comunidade deportiva e social do Concello de Baiona.

En todos os supostos recollidos no artigo 20 a Alcaldía –Presidencia determinará a forma na que se procederá a celebrar o acto solemne de outorgamento das distincións honoríficas.

ARTIGO 21. REXIME XERAL DE TRAMITACIÓN DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

1. Toda distinción para ser concedida deberá acreditarse mediante a instrucción do correspondente expediente que poderá incoarse:
 - a) De oficio a petición dun tercio do número legal de membros da Corporación.
 - b) Por pedimento dun 20 por cento das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
 - c) Por solicitude de trescentos/as veciños/as residentes maiores de idade inscritos/as no Padrón Municipal de Habitantes.
2. No acordo inicial ou nos escritos das entidades ou veciños/as a que se refire o número anterior, expresaranse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto do expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou



distinción que pretenden que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos co Concello de Baiona.

3. Aos expedientes que se incoen con motivo de canto se prevé neste Regulamento achegaranse cantos datos ou antecedentes posue o propio Concello, en relación co obxecto con que os promovan, e practícaranse cantas dilixencias sexan precisas para que os feitos queden completamente acreditados.

4. O expediente completo someterase á Comisión de Honores e Distincións do Concello de Baiona que emitirá ditame a proposta na que lle propondrá ó Pleno conceder ou denegar a distinción.

5. A resolución que proceda será adoptada polo Pleno da Corporación sendo preciso un quórum de maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación.

ARTIGO 22. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DO GALARDON SANTOS PERALBA

1. Resolución e Publicidade. – O Galardón concederáse polo Pleno da Corporación que, tralo dictame da Comisión de Honores e Distincións, ratificará o fallo do xurado.

2. Tramitación.-O ano coincidente coa concesión do Galardón o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Baiona designará ós membros do xurado consonte o sinalado na cláusula cuarta e invitará ós mesmos para que, no seu caso, no prazo de tres meses remitan á Secretaría Xeral do Concello de Baiona en sobre pechado unha proposta de posible candidato á concesión do premio. No prazo de quince días seguintes á finalización dos tres meses o Secretario do Xurado procederá á apertura dos sobres, emitirá certificado sobre as candidaturas propostas e remitirá ós membros do xurado copia da documentación de cada unha das candidaturas. No mes seguinte o Sr. Alcalde-Presidente convocará ó xurado para súa constitución e deliberación das candidaturas ó obxecto de emitir proposta de concesión do galardón.

Unha vez emitido o fallo do xurado o Sr. Alcalde-Presidente determinará a data na que terá lugar o acto público de concesión do galardón e someterá a proposta á Comisión de Honores e Distincións para posteriormente elevar ó Pleno da Corporación a ratificación do fallo do xurado e adopción do acordo de concesión do galardón.

3. O xurado constituirase co exclusivo propósito de outorgar o “Galardón Xeneral do Aire Santos Peralba”, e estará composto por:

- a. Presidente: O Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Baiona
- b. Un concelleiro de cada un dos grupos municipais do Excmo. Concello de Baiona.
- c. Un representante do Exército do Aire que será designado polo Gabinete do Xefe de Estado

Maior do Exército do Aire.



- d. Unha persoa de Baiona, relevantes no ámbito cultural ou institucional co municipio de Baiona que designe o Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Baiona.
- e. Unha persoa de recoñecido prestixio relacionada coa Aviación Civil.
- f. Un membro da familia de “Xeneral do Aire Santos Peralba”
- g. Actuará como secretario, o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en quen delegue (actuará con voz e sen voto)

4. O acordo de concesión do Galardón adoptarase por maioría dos membros do xurado. As deliberacións e votacións do xurado regularanse conforme ás normas legais sobre funcionamento de órganos colexiados segundo o previsto na Lei 30/92, do 26 de novembro, de bases de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 23. INSCRIPCIÓN DAS DISTINCIÓN HONORÍFICAS NO LIBRO DE HONRAS DO CONCELLO.

As distincións conferidas polo Concello de acordo co preceptuado inscribíranse no Libro de Honra do Concello de Baiona mediante extracto detallado referente a persoa ou entidade a que se lle confire o honor ou distinción, a data da concesión e a clase de galardón, e os datos sinalados publicaranse no Boletín oficial da Provincia no momento de concederse.

ARTIGO 24. OS IRMANDAMENTOS COAS CIDADES E VILAS.

O nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividade análogas será o irmandamento, que implicará a xeración dunha relación permanente con elas. estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, relacións culturais ou económicas.

O Concello de Baiona poderá irmandarse coas cidades españolas, europeas ou de calquera outro estado recoñecido por España. non se concertarán coas cidades que pertencen a estados con réximes políticos que non respecten os principios democráticos e os dereitos humanos ou nos que se practiquen calquera tipo de discriminación incompatible cos valores establecidos na Constitución española e na Carta europea de Dereitos Humanos.

Os obxectivos perseguidos polos irmandamentos son:

- 1.- Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo a cooperación e a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións, e en xeral, os valores establecidos na Carta das nacións Unidas.
- 2.- Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos, culturais, e a solidariedade coas situacións de crise ou necesidade.
- 3.- Estimular a realización de proxectos que constitúan o intercambio de coñecementos,



tecnoloxías, arte e cultura.

4.- Crear redes de cooperación coas cidades irmandadas, cos seus empresarios para o desenvolvemento de boas prácticas, intercambio de experiencias e análise das propostas de solucións en temas concretos de interese común.

5.- Establecer relacións económicas entre as empresas e os emprendedores de cada localidade, para favorecer o comercio e o intercambio, xerando desenvolvemento e emprego.

6.- No espazo europeo buscarase sempre a creación e o fortalecemento do sentimento da identidade compartida dos pobos de Europa e a conciencia da cidadanía activa e común.

7.- Cos países americanos e en todos aqueles nos que existe unha significativa colectividade baionesa, galega e española, procurarase a participación da mesma no proxecto de irmandamento e se prestará especial atención a reafirmar os lazos que manteñen co seu país de orixe.

8.- En xeral, calquera outro obxectivo de interese común que contribúa ao establecemento de lazos de amizade e colaboración, de respecto e tolerancia cos diferentes pobos, culturas e civilizacións.

ARTICULO 25. TRAMITACIÓN DEL EXPEDIENTE DE IRMANDAMENTO.

O irmandamento tramitarase conforme ao establecido neste artigo e sempre respectando a competencia do alcalde para ordenar a iniciación do expediente e ao Pleno para aprobar o irmandamento. Así coma o texto do documento no que se formalice e os principios xerais que o rexen. O procedemento poderá adaptarse ao establecido nas leis ou costumes da outra parte, así como as esixencias da normativa comunitaria.

Se iniciará o procedemento na forma establecida no artigo 21, se ben a proposta poderá proceder da cidade que pretende irmandarse con Baiona.

Corresponderá a Área de Alcaldía a instrucción do expediente que redactará un informe acerca dos vínculos existentes, os obxectivos do irmandamento e as posibilidades de financiamento dos custos ou dos proxectos de acción con cargo as axudas ou subvencións da Unión europea, nacionais ou autonómicas.

Salvo que se trate doutra cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicarse ao Ministerio de Administración Públicas para que previo informe do Ministerio de Asuntos Exteriores exerza a competencia que, en materia de relacións internacionais, lle corresponde ao Estado.

Cumpridos os requisitos anteriores, a Alcaldía designará unha Comisión presidida polo propio Alcalde ou Concelleiro en quen delegue e integrada por un máximo de cinco membros. Actuará como secretario o Secretario Xeral do Concello ou funcionario municipal en quen delegue. Se procurará a participación cidadá, dando entrada na Comisión a membros do tecido social e cultural da cidade. A comisión desempeñará as



súas funcións dentro dos principios de eficacia e redución de custos. Correspóndelle á Comisión establecer o contacto coa outra parte e redactar de común acordo un proxecto de protocolo de irmandamento.

Acordado o texto, presentárase ao Alcalde que, previo dictame da Comisión de Honores e Distincións e acompañado, no seu caso dos informes preceptivos, o someterá ao Pleno para a súa aprobación.

O protocolo de irmandamento conterá ademais das mencións xerais do lugar, data, intervinientes e carácter co que actúan, as finalidades que pretenden acadar e os obxectivos do mesmo, a súa congruencia coas competencias municipais, os proxectos e accións que se pretenden realizar, o órgano permanente de relación se o houberse, e as causas de extinción.

A firma do protocolo de irmandamento realizarase no salón de Plenos en presenza da Corporación municipal convocada ao efecto para a celebración do acto solemne.

Xunto ao texto firmado entregaráselle a cidade irmandada un obsequio representativo e poñeráse un nome a unha rúa da Vila. en xeral, para estas e outras atencións protocolarias seguirase o principio de reciprocidade.

ARTIGO 26. CRONISTA OFICIAL DA VILA DE BAIONA.

Os requisitos, condición e duración do cargo:

- 1.- O nomeamento de Cronista oficial da Vila de Baiona recaerá sobre as persoas físicas que sexan distinguidas pola súa labor de estudo, investigación e difusión dos temas relacionados co municipio de Baiona.
- 2.- A condición de Cronista oficial da Vila de Baiona atribuirase exclusivamente a persoa nomeada ata o seu cese.
- 3.- O título de Cronista oficial é puramente honorífico e non leva aparellado o dereito a percibir retribución económica algunha.
- 4.- A duración no cargo, ten carácter vitalicio, no obstante poderá cesar por decisión proia, ou en caso de incumprimento das súas obrigacións, por acordo do Excmo. Concello de Baiona.

O Cronista oficial terá as seguintes obrigas:

- 1.- Emitir a súa opinión e realizar aquelas consultas sobre temas relacionados coa historia do municipio ou aqueles outros temas que se relacionen coa súa función. A petición de opinión ou consulta efectuarase pola alcaldía.
- 2.- Redactar unha memoria anual que denominárase “Crónica de Baiona”, na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais ou políticos relacionados coa Vila.

O Cronista oficial terá os seguintes dereitos:



- 1.- Recibir do Concello de Baiona a medalla conmemorativa do nomeamento e distintiva do título, que consistirá nunha medalla bañada en ouro cun pergameo e pluma gravada coas letras de Cronista oficial da Vila de Baiona de 6 x 4,5 cm. Penderá de cordón verde.
- 2.- A ser indemnizado polo custos xerados no exercicio do seu cargo e especialmente os que sexan consecuencia dos encargos para realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade ou pola inversión do traballo que requira, ou que solicite para a realización de viaxes ou adquisición dos medios materiais específicos.
- 3.- A asistir aos actos públicos que teñan interese para as súas función e que sexan organizados polo Concello e as sesións do Pleno sen prexuízo, en todo caso, do carácter secreto do debate e votación dos asuntos que poidan afectar a intimidade das persoas.
- 4.- A acceder aos fondos do Arquivo e da Biblioteca e Hemeroteca municipal para a súa consulta e estudo. En todo caso o acceso aos datos obrantes nos expediente e rexistros administrativos se efectuará nos termos que dispoña a lexislación vixente nesta materia.
- 5.- A publicación por parte do Concello de Baiona da “Crónica de Baiona” sempre que a Corporación o considere oportuno.

ARTIGO 27. PROCEDEMENTO, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN PARA O NOMEAMENTO DE CRONISTA OFICIAL DA VILA DE BAIONA.

Procedemento:

- 1.- O procedemento para o nomeamento de Cronista oficial da Vila de Baiona, iniciárase por decisión da Alcaldía.
- 2.- A proposta de iniciación do expediente deberá acompañarse cunha memoria na que se especificuen os méritos que concorran no candidato proposto, xunto con reseñas biográficas e bibliográficas.

Instrucción:

- 1.- A instrucción do expediente tenderá a acreditar e valorar os méritos do candidato en canto a súa obra ou actividade relativa á Vila de Baiona.
- 2.- O expediente informase pola área de Cultura.
- 3.- Dentro da tramitación poderase solicitar facultativamente informes de entidades de recoñecido prestixio na materia. Ditos informes no terán carácter vinculante.
- 4.- Antes de formularse a proposta de nomeamento darase audiencia do expediente ao candidato ou candidatos.

Resolución:

O nomeamento de Cronista oficial da Vila de Baiona aprobarase en Pleno a proposta da Alcaldía e previo dictame da Comisión de Honores e Distincións.”

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.



EXCMO. CONCELLO
DE **BAIONA**
(PONTEVEDRA)

===== APOYO A LA CANDIDATURA =====



**PUEBLOS
COLOMBINOS
DE ESPAÑA**
PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD

Correspóndelle á Alcaldía Presidencia ou á concellaría sobre a que recaian as competencias sobre o protocolo, garantir a correcta aplicación do presente regulamento, así como resolver as dúbidas que esta puidese suscitar.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao desposto neste regulamento.